



# Golfiño 6

les cabos ortega<sup>al</sup>  
CARIÑO

- P 4 NUNCA MÁIS
- P 6 SAN VALENTÍN
- P 8 AGULLÓNS
- P 9 ENTREVISTA A FAUSTO ISORNA
- P 13 NO TE SINTAS ATADO
- P 14 CONCURSO SANTO ANDRÉ
- P 18 EXCURSIÓN 1º BACHARELATO



¡Ola! Xa está aquí o Golfiño VI que estabades esperando. Como veredes o noso arroás superou todas as mareas negras e non trae rastro de "jalipote" e para celebralo recibe no seu seo ao director da revista homónima que encontraredes publicada os domingos con La Voz de Galicia. Tamén como cada ano aparecen nestas páxinas as voces das novas promesas literarias que cantan desde a beiramar de Cariño ao amor, ao humor, á terra e á liberdade. Esperamos que vos goste e que pasedes un bo momento. Moitas gracias por acompañarnos e ata o ano que vén.

**Mércores 22 de Xaneiro de  
2003**

**Alumnos e alumnas do IES Cabo  
Ortegal participamos na CADEA  
HUMANA organizada pola  
Coordinadora do Ensino  
AREANEGRA**

**Chegamos á praia da Traba de  
Laxe ao mediodía, xustiño a  
tempo para formar xunto a  
outros rapaces a palabra VIDA  
sobre a area e “poñe-lo punto  
sobre o i”**





# SAN

## SAN VALENTÍN

### UN AMOR SOÑADO

Para o meu amor soñado  
Estes versiños fago,  
Con todo o meu corazón  
Porque o quero un montón.  
Cando por primeira vez o vin  
Non pensei que me namoraría,  
Nin que o día de San Valentín  
Esta poesía lle escribiría.  
Estou louca por el  
Pero el non sabe nada,  
Espero que algunha vez  
Sexa a súa namorada

Laura Quiza Lago 1º E.S.O B


¡Ola, meu amor!  
¡Ola, miña rula!  
Cando te vexo,  
Recórdasme á lua.  
Meu amor querido  
Meu querido amor,  
Es tan esvelta  
Coma un reiseñor.  
Meu ceo azul,  
Meu tesouro valioso  
Téñome tanto cariño  
Coma un neno ao seu osiño.  
Quedaréi esperándote aquí,  
A que volva ó meu lar,  
coma o primeiro día  
Nunca noite de luar.  
Felicitote neste día de San Valentín,  
porque te atopas lonxe miña,  
escríboche este poema  
para que volvas xunto a min.

Eloy Dorna Vilela 1º ESO A

### MEU AMOR

Onte vin unha fermosa fada  
Xunto ó río da miña horta  
Hoxe volvín botarlle unha ollada  
E nin estabas, pero non importa.  
Cando te verei doce namorada  
Agardaría ata o solpor  
Ou ata a alborada  
Desexando o teu amor.

Mateo Blanco Docal 2º ESO A



### UNHA TARDE NA SOLANA

Entre patacas, palomitas e Coca-Cola,  
Percibín ó contraluz da pantalla  
A túa fermosa silueta.  
Dúas filas de bancadas más adiante,  
O teu cabelo mecíase sobre a butaca  
Coma as ondas na praia de "A Basteira".  
Non puiden apartar a mirada en todo o tempo  
O mesmo parecíame arrecender o teu perfume ó meu carón.  
Non souben nunca quen eras  
Pero fun capaz de poñerche mil caras  
Mentres a película esgotaba o seu argumento  
a bolsa de patacas permanecía intacta,  
as palomitas olvideínas na butaca,  
A Coca\_Cola mudeceu sen abrirse  
Mentres ó mirar a pantalla  
Nun instante de distracción  
Apareceu a palabra FIN  
E non soube nunca  
de que tratou o filme .


Nicolás Iglesia Pena-2º ESO B

### Á MIÑA AMIGA

Do ceo vén baixando  
Unha estreliña con lazos  
Para enviarlos á miña amiga  
Para os seus delicados brazos.  
Quen a escribe é a pluma  
Quen a dicta é a alma  
E de corazón che envío  
Moitas felicidades.  
Do xardín dos meus amores  
Cortei este ramo de flores  
Para enviarlle á miña amiga  
A cambio dos meus amores.  
Neste mes xa non hai flores  
Porque as murcha o xeo,  
Na túa cara hainas sempre  
Porque as permite o ceo.

Daniel Vila Díaz 2º ESO C

# NOEL SANTIAGO BREIJO 4º ESO A



# ENTREVISTA CON

Fausto C Isorna

Naceu en 1961. Desde comezos dos anos oitenta comezou a súa actividade na banda deseñada, coa participación en publicacións como "Aula Aberta", "Tintimán", "El Correo Gallego" ou "Atlántico Diario". Creou o fanzine "Valiundiez", auténtico referente na banda deseñada dos oitenta e a revista "Das Capital". Ademais realizou como debuxante os álbunes "Os viaxeiros do tempo" e a serie "Un misterio para Simón", ata o momento a máis longa editada en Galicia. Ten realizado numerosos traballos como ilustrador e deseñador gráfico para o mundo editorial. Actualmente desempeña o cargo de director artístico da revista "Golfiño".

Fausto recíbenos nunca soleada mañá de sábado no seu estudio na zona vella de Santiago de Compostela. Rodeado de moitos libros, de cartaces e portadas do Golfiño, a revista que axudou a crear e dirixe e que é xa un fito na historia da banda deseñada, non só galega senón do ámbito internacional. E mentres nos debuxa o que será a portada do noso Golfiño vai contestando ás nosas preguntas.

**¿Como descobres que debuxar é algo más ca un pasatempo infantil?**

Pois evidentemente lendo moitos tebeos e copiando o que alí vía. Comecei cos cómics da Bruguera, Ibáñez e os demás. Pero a revelación foi ler os "4 fantásticos". Eran pura enerxía, movemento e acción. Lendo estes cómics descubrín que eu quería facer algo así a ser posible toda a miña vida.

**Estes soños tomará corpo na adolescencia ¿pero imaginabas onde ías estar agora, o traballo duro ou pensabas que ía ser como facerse estrela do rock?**


¡Que máis quixera que ser un estrela do rock! Cando estudiaba o bacharelato pensaba en adicarme ás artes gráficas, a debuxar. Pero meus pais querían que estudiase unha carreira "seria", que tivera un título superior e esas cousas. Nin tan sequiera me plantexei estudiar Belas Artes simplemente escollín unha carreira de sempre, escollín estudiar Filosofía porque aportaba unha bagaxe intelectual que me viña moi ben para seguir debuxando. Estudiar na Universidade axudoume sobre todo no eido do deseño gráfico, educas o gusto, adquires formación, moita dela pola túa conta claro está, pero o importante é aproveitar o ambiente. No eido do cómic sempre é moi interesante ler moito de case todo, especialmente se coma min, tamén traballas os guións das historietas. Eso, hai que ler de todo, estudiar de todo porque logo pódelo aproveitar no teu traballo.

F  
A  
U  
S  
T  
O  
  
I  
S  
O  
R  
N  
A

# HORTENSIAS



Volvendo ao de converterse nunca estrela, en ser famoso... A vida do debuxante é bastante aburrida; tes que pasar moitas horas diante dos papeis traballando, abocetando, pasando a limpo, entintando... moi tempo metido na túa casa, no teu estudio. É un traballo de artesán que de cando en vez dás á luz, publicas ou vas a un dos salóns de cómic que cada vez máis se fan polas nosas terras (Coruña, Ourense) e alí atópas ao público, que te reconece e agrada que te comportes como unha estrela de rock pero non che sae, alomenos a mi non. Asino os álbumes, intercambias algún comentario... si, é gratificante pero logo tés que voltar a rutina, as moitas horas de estudio se queres facer un traballo digno.



### Houbo un día en que deches o salto e te profesionalizaches ¿foi doado ou non?

O meu caso foi un tanto especial, coido que non é moi exemplarizante porque foi como moi doado, moi natural pasar de ser un aleccionado a traballar dun xeito profesional. No tempo de estudiar na universidade, en fin, eu adiqueime a tirar proxectos de revistas de tebeos como foron o "Diplodocus" ou o "Valiundiez", así como a colaborar con outras publicacións que se estaban a facer en Galiza a principios dos oitenta. E coñecín a moita xente que agora son importantes no eido do deseño gráfico e foi así como comezou todo. A xente do grupo Re-Visión (Pepe Barro e compañía) fixeron a primeira campaña do cuponazo da ONCE e eu fixen as ilustracións daquela campaña. E logo xa foi un encargo detrás doutro ata me permitir montar o meu propio estudio.

# entrevista con fausto isorna

**E falando de estudio ¿no debuxante canto hai de talento e canto de traballo? ¿canto de adquirido e canto de natural?**

O talento non sobra pero coido que non é o principal. Neste do cómic como en todo hai que traballar moito. Xa sei que pode sonar ao de sempre pero é certo. Non é preciso ter unha formación académica específica como por exemplo Belas Artes. O que che ten é que gustar e logo traballar duro, investigar moito, probar ata acadar un xeito propio, un estilo persoal. Eso fixémolo todos desde Miguelanxo Prado ata calquera de nós. Un punto de talento pódese facer que este traballo sexa máis doado pero non o evita. Hai moito debuxante con talento que quedou arrimado no camiño por non traballar abondo. Estou falando de facerse profesional, de tentar vivir desto, publicar, que che paguen... E non esto usó a falar da práctica do debuxo senón de estudiar no sentido clásico do termo. Un bo debuxante é alguén cunha boa cultura, ampla, basta. Todos comezamos polos libros de texto... son moi divertidos para debuxar e logo os revisas e aprendes algo máis sempre.

Sobre o arte de debuxar cómic eu penso que tamén hai que ver moito cine e ler sobre como sei fai cine. Axúdache moito non só na parte gráfica coma na elaboración dun guión. Cine e cómic traballan con imaxes e debes ter un bo dominio de cómo se contan historias así, da narrativa visual.

E o talento... pois mira, non sei de onde vén o talento porque eu penso en mi desde neno e copio do que me gusta, así, directamente... cun estilo propio que xorde de horas de traballo. Ou do talento, pero non estaría moi seguro. Consello: entusiasmo e traballo, e non deixalo nunca. Coma calquera outra cousa que un queira facer.

DIANA ROSA ARMADA LUACES  
LORENA GÓMEZ YÁÑEZ 4º ESO A



# **CONCURSO**

## **SAN ANDRÉS DE TEIXIDO**

Era verán, unha fermeira tarde do ano 2003, cando un grupo de persoas decidiu ir ó santuario de San Andrés de Teixido. Querían ir, porque sería unha boa aventura, e a parte diso, para ver a súa xente, os seus monumentos ,comidas.....

Eles chamábanse así: Xoan, quería ir para pedir un desexo: que o seu irmán se recuperara dunha enfermidade.

Carme, está preñada, quere ir para comprar uns xuncos que fan que teñas un bo parto.

Ana e Luís, parece que se queren, pero non o teñen moi decidido.

Cada persoa ofrécese a ir a San Andrés para un diferente propósito.

Todo está decidido, e ó día seguinte emprenderán un longo camiña ata o santuario. Chegou ese día, estaban algo nerviosos, pero con moitas ganas de boas aventuras. Prepararon uns bocadillos para o camiño e algunhas bebidas.¡ Todo listo! No traxecto íanse encontrando con moita xente, algunha que facía como eles, visitar o santuario. Outra que vivía por alí. Quedaba pouco, empezábase a ver o seu obxectivo, San Andrés, e de aló a media hora estaban no fermoso lugar. O primeiro que os sorprendevo foi o mar, ese mar embravecido que bate con forza contra a costa. Seguiron, e moitas mulleres de boa fe saudábanos. Estaban moi contentos, pero tiñan que cumplir os seus propósitos.

Xoan, Carme, Ana e Luís foron á igrexa a rezar. Bicaron ó neno Xesús e baixaron por un longo camiño, onde está unha fonte que é moi visitada polos peregrinos. Alí Xoan pediu un desexo, pero non así como soa, senón desta forma: tirou unha moeda no interior dela, logo bebeu dos tres canos de auga e pediu o seu desexo.

Na fonte, está escrita a persoa que a construíu e a data na que se atopaban nesa época.

Eles, como son moi curiosos foron polos camiños más vellos, que non son transitados hoxe en día.

Cando regresaban da fonte, unhas velliñas viron a barriga redondiña de Carme e ofrecéronlle uns chamados "xuncos do ben parir". Carme aceptou encantada, porque estes a axudarían se tivera un parto un pouco complicado. Todos estaban contentos, Xoan pedira o seu desexo e Carme levou uns bos axudantes para o seu parto, pero ¿Que é de Ana e Luís? Luís, que foi más atrevido, pensou que non viñera en balde e a chamada "herba de namorar". Meteulla no bolsillo a Ana sen que se decatara, como conta a lenda.

Cada un deles tiña o seu obxectivo cumplido, e valeulles de moita axuda: agora Xoan está co seu irmán xa recuperado da súa enfermidade.

Carme tivo un neno, moi guapo e algo trasto. Os xuncoa fóreronlle de gran utilidade. O seu marido chámase Felipe. ¿E a parelliña de Ana e Luís? Están moi ben xuntos, parece que a "herba de namorar" fixo efecto neses dous. Viven nun piso de A Coruña. Como di a lenda: "O que non vai de vivi, vai de morto a San Andrés de Teixido".

Eloy Dorna Vilela 1º E.S.O A

# Santo André

Sobre San Andrés  
chove diferente.  
Imaxina  
unha banda de peregrinos cansados  
que buscan ríos nas rúas  
e desangran os corpos sudorentos  
sobre a xente que pasa.  
¡Os paraguas!, di o gordo de  
San Andrés.  
¿Que chove en San Andrés que chove?  
Rosquillas,  
Empanadas,  
Pan de figo,  
Limoadas con gotas de azucré...  
Pero o sol  
Ten luces que abrasan  
E merenda as nubes todas  
Como sorbetes de nata.

Ezequiel Bellón Varela 3º ESO A

# CONCURSO

## SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

Hai xa moitos anos  
Alí por San Andrés,  
Había un santo da igrexa  
Que vivía no seu pobo  
Derrubado pola envexa.  
Pouca xente por alí pasaba,  
E el moi triste estaba,  
Mirando con desprezo a Santiago  
Que coa súa alteza ó apóstolo  
O peregrino ía obligado.  
Pero un día falou con Deus  
E díolle que non aguantaba,  
Que se por alí non ía alguén  
De seguro se suicidaba.  
Entón Deus fixo un conxuro,  
Que ninguén podería comprender,  
Fixo que os peregrinos fosen por alí unha vez.  
Unha vez na vida  
Era o suficiente  
Para que un ser vivo  
Non tivese que ir na "muerte".  
O Santo San Andrés  
Moi a gusto quedou  
Xa que por alí ía a xente  
Que entraba a miles de montóns.  
A San Andrés de Teixido  
Vai de morto quen non foi de vivo,  
Non mates animal de San Andrés  
Porque un peregrino coma ti pode ser.  
Teixido é un mundo máxico,  
Escondido a espaldas da Ría de Ortigueira  
No que podes gozar de tranquilidade  
Que existe neste lugar galaico.

NICOLÁS IGLESIAS PENA 2º ESO B

# SANTO ANDRÉ

## BOAS NOITES

Boas noites, amigo,  
Digoche dende a praia,  
Neste lugar de alegria  
Aumentado pola compaña.  
Detéñense as palabras,  
Os pensamentos paran,  
Coma unha flor nova  
O corazón fala.  
Na auga hai nenos  
Con alegria en cada ollada  
E ratos azuis cerrando  
Os buratos da miña alma.  
A espiral da ledicia  
As flores amadas,  
Os nenos nadando  
E a alegria probada  
Rematan nesta noite.  
¡Oh, meu amado!  
Boas noites, amigo,  
Digoche dende a praia,  
Mentres o teu recordo  
Alégrame a longa  
Velada.

Angela Balado Arcos 2ºE.S.O A

**excursión 1º Bacharelato  
Barcelona 2003**





Equipo de normalización lingüística